



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 21 DE
OUTUBRO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e un de outubro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúñese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén como secretaria da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 14 de outubro de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular alguma observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 14 de outubro de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

Non se tratou este punto da orde do día.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas desde a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que a partir desta semana comezarán as obras de conservación na maioría das pistas parroquiais de Cambre.

En relación cos incidentes acaecidos no campo de fútbol de Lendoiro, na parroquia de Cecebre, informa que hai que esperar a recibir o orzamento da empresa. Engade que xa avaliaron as desfeitas ocasionadas polo xabarín e se repararán, se se adapta ao prezo.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Diaz informa que se presentará ao pleno a figura do SAU BD8, un solo de baixa densidade ao carón dos Castros do Bosque. Engade que se pechará a urbanización dos Castros do Bosque.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que esta semana se prevé que rematen as obras do POS 2012 e engade que se solicitou unha prórroga para o POS adicional 2012.

A seguir, informa que están pendentes da retención do crédito para iniciar a contratación da iluminación do nadal, por importe de 25.000 euros. Igualmente, están pendentes de varias obras para o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro venres, día 25 de outubro, comeza o ciclo "novembro-mes do teatro". O venres día 25 represéntase a obra "A nena e o grilo nun barquiño", a cargo da compañía A nena e o grilo, ás 19.30 horas. Engade que o domingo día 27 se representa a obra "Viaxe a ningunha parte", de Fernando Fernán Gómez coa compañía Sarabela Teatro, ás 20.30 horas. As dúas actuacións terán lugar no local da "Juventud de Cecebre".

A continuación, tamén informa da celebración das "XI xornadas castrexas". O sábado tiveron lugar as charlas e o domingo a excursión a Celanova, Ourense.

Igualmente, informa da actuación do Mago Kiko na Casa da Cultura o sábado, día 19. Engade que houbo moita afluencia de público e que incluso lle solicitaron máis actuacións.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que no día de onte tivo lugar a exposición das xornadas micolóxicas con case a asistencia de 600 persoas que a visitaron.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación



Dona María Jesús González Roel informa que o mércores se clausurou o curso de coidador de comedores. Os asistentes quedaron moi satisfeitos. Engade que se lles entregou o título de manipulador de alimentos e o diploma de coidador de comedores. Manifesta que, debido ao éxito, realizarán outro curso para as 25 persoas seguintes da lista.

Igualmente, informa que o mércores ás 19.00 horas asistiu ao partido de fútbol solidario que tivo lugar con motivo da clausura da semana da saúde mental. Manifesta que xogaron veteranos do Deportivo contra APREM e ADCOR.

A continuación, informa que o venres, o alcalde e ela mesma tiveron a primeira reunión coa empresa adxudicataria de desenvolver o Regulamento de participación cidadá, para os efectos de poñelo en funcionamento. Engade que se comezará cos Consellos Sectoriais dos Servizos Sociais.

A seguir, informa da reunión que tivo co conselleiro de Educación, en Santiago, para solicitar melloras no colexio Wenceslao Fernández Flórez, en Cambre. Manifesta que foron ben acollidos e tomaron as notas para facer as modificacións solicitadas para que non haxa problemas en canto ás prazas.

Para rematar a súa intervención, dona María Jesús González Roel informa que o sábado pola mañá recolleu o premio que se lle concedeu ao Concello de Cambre, con motivo das axudas ás familias numerosas. Engade que o premio o entregou o presidente da Xunta de Galicia pero o concede a Asociación Gallega de Familias Numerosas. Manifesta que o premio é en concepto das bonificacións que reflicte o Concello de Cambre en todas as súas ordenanzas para as familias numerosas.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que o pasado día 18 de outubro pola tarde se realizou a adxudicación definitiva dos postos da feira, á que acudiron polo menos 50 ou 60 feirantes, que viron como se fixo o proceso de adxudicación en directo. Engade que na feira de Cambre hai 52 solicitantes con antigüidade, dos que, a 49 lles foi outorgado a primeira ou segunda posición elixida por eles nas súas solicitudes. Todos os antigos quedaron situados no lugar que elixiron e non houbo nin unha soa reclamación dos antigos polos postos. Manifesta que houbo dous casos que se lles deu os 10 puntos de antigüidade, pero non se lles deu os 5 puntos de vendedores ambulantes, dado que levan moito tempo sen estar dados de alta nin en Facenda, nin Seguridade Social nin en nada.

A continuación, informa respecto dos escritos que presentaron, se rexistraron de entrada o día 7 de agosto, unha vez que rematou o prazo para a solicitude de postos, que comezou o día 20 de xuño e rematou o 3 de xullo. A negociación comezou a partir do día 7 de agosto.

Manifesta que hai doce días que lles enviou un correo, ten data do día 9 de outubro, ademais de ter varias xuntanzas con eles, e se lles remitiu dous planos para os efectos de que se presentaran as propostas correspondentes. Antes da adxudicación dos postos enviouseles dous planos cos postos para que manifestaran, antes da adxudicación definitiva, que é o que querían modificar do plano e áinda segue esperando que lle presenten as modificacións que queren.

Respecto das persoas que quedaron fóra da licitación e que non conseguiron posto, é debido a que presentaron a súa solicitude fóra de prazo, a pesar de que se lles chamou por teléfono e algunha se desestimou, en concreto tres, porque presentaron a solicitude en prazo, pero non achegaron nada ou todo mal.

Engade que en canto aos feirantes que quedaron fóra, os seus compañeiros trataron en todo momento que se lles incluira, incumprindo así a ordenanza. Manifesta que os técnicos de promoción económica e os funcionarios de rexistro tiveron que soportar vexacións, insultos e acusacións moi graves. Di que non ten intención de ceder a ningunha chantaxe, o que pretende é cumplir coa ordenanza que aprobou o pleno.

Dona Marta María Vázquez Golpe manifesta que a pesar de todo isto, onte, lles comunicou aos representantes dos feirantes que presentaran por escrito entre hoxe e mañá os supostos concretos nos que, segundo eles, hai discrepancias. Engade que se estudará se, conforme á ordenanza e ás bases, se pode solucionar, senón non. Agarda que se poidan solucionar, pero non incumprindo as bases nin a ordenanza. Remata a dicir que os feirantes que quedaron fóra terán unha nova licitación.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.



O presidente

Manuel Rivas Caridad



A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia